



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

CONSERVATORIO PROFESIONAL DE DANZA

Expediente Subtel: 2024000013424

Referencia: PREM-CD / 2024

RESOLUCIÓN POLA QUE SE CONCEDEN TRES PREMIOS Á EXCELENCIA NA DANZA CLÁSICA DO ALUMNADO DO CONSERVATORIO PROFESIONAL DE DANZA DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA NO ANO 2024

Don **XOSÉ REGUEIRA VARELA**, Presidente en funcións da Deputación Provincial da Coruña,

Á vista da proposta do tribunal nomeado por resolución número 20387, de 16 de maio de 2024, modificada por resolución número 28356, de 4 de xullo de 2024, para a concesión de *Tres premios á excelencia na danza clásica do alumnado do Conservatorio Profesional de Danza da Deputación da Coruña no ano 2024*, de conformidade coas bases da convocatoria publicadas no BOP número 76 de 18 de abril de 2024

RESOLVO:

1. Conceder tres premios á excelencia na danza clásica, polos importes que se indican ás persoas seguintes:

Núm. Expediente	Solicitante	NIF	Importe
2024000023497	Lado Domínguez, Carmen	***7226**	500,00 €
2024000024584	Mourelle López, Ángela	***5899**	500,00 €
2024000024587	Nielsen Sicilia, Candela B.	***3457**	500,00 €
Total			1.500,00 €

2. Dispor o gasto dos premios concedidos, por importe total de 1.500,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 0650/3261/481, fase A, operación número 220240017922, do vixente orzamento.

3. Aboar os premios nun único prazo, previa retención de 75,00 € (15% s/500,00€), en concepto de IRPF "Premios" para o seu ingreso no CNP 20007, clave F, subclave 01.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor, alternativamente, recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou daquel no que teña o seu domicilio o recorrente, á súa elección, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se poda exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.